



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 DE SETEMBRO DE 2024, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a cinco (5) profesores/as. O Consello Escolar do Centro ten seis (6) representantes do sector do profesorado. Un (1) representante do profesorado continúa como consecuencia da súa elección anterior.
- 2.- O censo electoral de profesorado está exposto no taboleiro de anuncios da planta baixa. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 30 de outubro de ata o día 8 de novembro ás 13:00h.
- 3.- As candidaturas poderán ser presentadas dende o 30 de outubro ata o 8 de novembro ás 13:00 horas.
- 4.-A mesa electoral estará formada pola Directora, que actuará como presidenta, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último/a de secretario/a.
- 5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de catro (4) nomes da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos/as.
- 8.- Convocase **Claustro extraordinario** de Profesorado para a **proclamación** das candidaturas para os representantes do profesorado no Consello Escolar para o día **20 de novembro** (mércores), ás **13:45** horas.
- 9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 30 de outubro de 2024

A DIRECTORA E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

M^a Isabel Hermida Rodríguez

